MARZO-ABRIL 2023
Revista Galega de Información Literaria - Ano 22 N.º 127

PVP 3 €

**Diego Ameixeiras fala da súa última novela, na que aborda o movemento anarquista na Transición**

# Biblos

## CLUBE DE LECTORES






# Detrás do violino de Luísa Villalta

"Co seu violino, Luísa Villalta levábanos a calquera lugar onde voase a súa inqueda imaxinación". E así foi. Coa lembranza desa música que en vida lle escoitamos interpretar a Luísa, na libraría Biblos de Betanzos seguimos o relato da súa biografía da man de Eli Ríos, coautora canda Beatriz Maceda do libro *Luísa Villalta. Alma de violino*, publicado por Xerais. Trátase dun álbum magnificamente ilustrado por Laura Suárez, tamén presente no acto, e de onde tomamos a cita do inicio.
Pola súa banda, Leticia Barbadillo chegou coma unha Mary Poppins dos nosos días, cunha caixa de sorpresas para motivarnos a crear historias con lentellas. Ela ben sabe que este legume pode ser unha fonte de inspiración xa que é a autora de *A botella de lentellas*, a obra gañadora do Premio Merlín de Literatura Infantil do pasado 2023. Da man das nenas e nenos que a acompañaban foron creando xuntos un fato de historias que, tal vez, algún día cheguen a plasmarse en libro. Xa o contaremos.
Filóloga, narradora e poeta, Lúa Mosquetera deu mostra de que "querer é poder". Estivo acompañada de Pablo Seijas, quen coa guitarra puxo música aos poemas de Lúa, nun avance do que pode ser a xira que os levará dentro de pouco por teatros de Vigo, Santiago, Bilbao e Madrid para recitar poesía en música. Contounos que con moito empeño conseguiu ser das poucas persoas que fan da poesía un oficio logo de dedicarse a outras tarefas nas que bateu moito coa precariedade. Os seus quince anos de distintos traballos na hostalería son o fío condutor do poemario que presentou en Biblos, *El latido es un baile que siento que me estoy perdiendo*, o seu quinto libro publicado co que ela mesma decidiu dar o salto para se converter tamén en editora.
Acompañounos así mesmo Silvia Salgado, colaboradora en *El Ideal Gallego*, profesora de talleres de escritura creativa, coordinadora de clubes de lectura, e a autora de *Verde en el tejado*, novela publicada por Hércules de Ediciones. Patroneados por Chisco Fernández Naval mergullamos no "fascinante inverno do animal de fondo", subtítulo da obra *Ser cetáceo*, un libro fóra do común co que o autor conta a historia do país tomando como fío condutor o ronsel dos cetáceos ao tempo que os relaciona con todo o que nos define como humanos. Chisco é poeta, ensaísta e narrador, e todas esas facetas súas rebordan nesta obra para arrequecela.
E, finalmente, recibimos a Antón Lopo, un deses autores aos que lles gusta explorar todos os bordos. Así o fai cando se entrega a calquera das modalidades que "practica" (performer, poeta, novelista, dramaturgo, xornalista, investigador ou escritor documental), pero tamén cando afonda en cada unha delas. Estivo na libraría Biblos para falarnos de *Diarios /1. Azul Monforte*, un libro de poemas que nos sorprendeu con grandísimo agrado onde traballa moito a narratividade e ao que nos entregamos por suxestión de Xosé Luís Mosquera Camba, coordinador do Club de lectura Biblos. O autor fíxonos partícipes da emoción poética dunha obra coa que unha vez máis indaga nas identidades e que foi para el coma un torrente. É moi político, dixo, e está cheo de silencios.

Entre a ficción e a crónica histórica, cun pé nos feitos reais e outro na pura fabulación, Diego Ameixeiras recrea en Un anarquista os sucesos máis vibrantes da breve primavera libertaria de 1977 en Barcelona. Unha loita social que meses despois sería desbaratada polos servizos de intelixencia do Estado, cun episodio principal que pasaría a coñecerse como o caso Scala. Nacido en terras helvéticas e criado en Ourense, o autor coñece de primeira man o mundo da emigración, igual que acabará por facer o protagonista da novela, un mozo ourensán que se traslada a Barcelona nunha viaxe iniciática que forxará a súa identidade, materia que repousa no substrato da novela. Xornalista por formación e guionista por dedicación, Diego Ameixeiras é un home tranquilo que ten cultivado con asiduidade o xénero negro cun "talento descomunal", en palabras festexadas non hai moito nestas mesmas páxinas polo tamén escritor Pedro Feijoo.



Foto: Iván Barreiro

## En *Un anarquista* enche coa ficci

# Diego Ameixeiras crea iniciación política no m

En Barcelona, Miguel Duarte, o protagonista, comeza a traballar de camareiro no Nebraska –un bar das Ramblas onde o patrón soña con películas do Oeste– e vive agardando algunha experiencia que o faga vibrar por enriba da súa timidez. E para iso está Montse, unha estudante de Dereito de familia acomodada pola que se sente atraído dende hai tempo. Con ela experimentará o amor, o desamor, o sexo, e os praceres da vida. Polo texto desfilan personaxes de ficción e algún que outro real, como O Grillo, un confidente do Estado condenado como un dos causantes do incendio da discoteca Scala durante a manifestación da CNT contra os Pactos da Moncloa.

**—Cal é a cerna da novela?**

—Unha historia de amor e unha historia de iniciación política nun momento tan convulso como a Transición. E tamén unha reflexión con diferentes voces sobre como se constrúe a nosa identidade individual.

**—Que o levou a escribir sobre este tramo da historia de España?**

—Sempre tiven moita fascinación por este momento da Transición e o movemento anarquista. A lectura de libros como *Los 70 a destajo*, de Pepe Ribas, quen fora fundador e director da revista *Ajoblanco*, e de *El caso Scala. Terrorismo de Estado y algo más*, de Xavier Cañadas Gascón, foron alimentando a miña curiosidade. A Transición é unha época moi contada, pero con relatos de parte. A min apetecíame poñer aí a atención.

**—Daquela xa levaba algo adiantado, pero como foi o esforzo de documentarse para abordar o momento?**

—Un traballo de hemeroteca. Ler libros, ver películas, moitos documentais e manter conversas. Reunir a información e darlle forma. Direi que foi enriquecedor. Tratábase de falar dunha época que é moi coñecida e descoñecida a un tempo. Había violencia procedente de todas as partes e aí estaba xogándose a historia do país.

**—No momento no que se desenvolve a novela, Barcelona experimenta un renacemento do movemento anarquista que se enfronta aos consensos da Transición. Eran tempos convulsos e de grandes manobras políticas. Desvela vostede feitos ocultos relacionados coa maquinaria do poder?**

**A Portada**
Luísa Villalta vista por Xosé Abad. A poeta da cidade tatuada na pétrea pel do mar, a poeta do ruído da poesía, do pensar escuro, da música... Sempre a música. A música na súa vida, na súa poesía, no seu falar e, obvio, tamén na súa mirada.

Biblos
CLUBE DE LECTORES

Biblos Clube de Lectores, S. L.
Quintá N.º 8 - Mandaio
15391 Cesuras - A Coruña
Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039

www.biblosclube.com
email: subscritores@biblosclube.com
Depósito Legal: C 285-03
ISSN: 1697-7440



**Tres motivos para ler esta novela a dicir do autor:**

- Para entender como evolucionou o movemento anarquista en Barcelona durante a Transición, nun momento de gran importancia histórica para España.
- Para comprender o proceso de construción da personalidade individual, de cara a nós mesmos e como nos ven os outros.
- Para participar no xogo que se establece entre a crónica histórica, a crónica xornalística e a novela. E entender o que hai de mito en torno ao caso Scala e que houbo de ocultación.



ón os ocos aínda non desvelados do caso Scala

# a unha historia de amor e de nomento convulso da Transición

—O caso Scala segue a ser secreto de Estado. Despois de documentarme vin que había unha historia que tiña un pé na crónica e outro na ficción. Intentei encher con ficción aquelas partes aínda non desveladas do caso Scala. Co paso do tempo o movemento anarquista padeceu as consecuencias que tivo aquel asunto e a CNT iniciou un declive. Para min esta novela é sobre todo ficción. Pero creo que ao facer ficción podes achegarte ao ocos máis escuros da realidade e de aí á verdade non contada.

**—Duarte é un personaxe con moitos matices, por veces desconcertante. De que personalidade o foi dotando?**

—É un personaxe con moitas caras. Un mozo de vinte anos que chega a Barcelona procedente de Ourense. Polas circunstancias familiares vivía nun entorno pechado e chega á gran cidade que é a Barcelona do momento, tan sedutora. A súa é unha historia de iniciación.

**—Aurelio, o propietario do Nebraska, soña con películas do Oeste. Quixo facer algún tipo de homenaxe ao xénero?**

—Sempre me gustaron moito as películas do Oeste. Tamén ao meu pai. Son un exemplo desa visión limpa do cine. Non importaba quen era o director o relevante era deixarse atrapar pola historia. O cine era sinónimo de entretemento e un non tiña daquela esa mirada máis intelectual ou contaminada que nacería máis tarde.

**—Que pouso lle gustaría que deixase a novela?**

—Está escrita como un xogo entre realidade e ficción, o que nos contan e o que non. Gustaríame que a lectura nos levase a facernos preguntas relacionadas co que é a política, o papel dos políticos e os intereses que se moven na sociedade nos grandes momentos da historia.

**—Esta obra sae tres meses despois de publicar *Os suicidantes*, a súa primeira novela gráfica, unha distopía ilustrada por Tomás Guerrero. Foi coincidencia no calendario das editoras ou está a botar a casa pola ventá?**

—Son obras diferentes. *Os suicidantes* levaba tempo esperando o seu momento, e a idea de *Un anarquista* xurdiu a consecuencia de diferentes lecturas que fun acumulando nos últimos anos. A primeira é unha historia futurista; a segunda, unha viaxe pola memoria do primeiro postfranquismo. Supoño que gardan unha certa relación pola lectura política que podemos facer de ambas.

**—Como é saír dunha cidade do futuro para meterse de cheo no renacemento da loita anarquista da Barcelona de 1977?**

—Creo que non cheguei a saír de todo porque, a maior parte do tempo, traballei as dúas historias en paralelo. Unha novela, iso si, esixe un esforzo diferente, xa que é un traballo solitario e con outros ritmos.

**—*O cervo e a sombra* recibiu o Premio Nacional da Crítica, o Premio Follas Novas e o Premio Pata Negra-Domingo Villar que se concede á mellor novela negra editada en España. Se non fose porque é vostede unha persoa nova poderiamos dicir que pertence á vella garda da novela negra. Que pode dicirnos da súa relación con este xénero?**




Á VENDA O 11 DE ABRIL

Diego Ameixeiras

**Un anarquista**

Xerais — Rústica
15,5 × 23 cm — 120 páxinas
ISBN: 978-84-1110-515-6
16,62 €

—Hai xa vinte anos que escribín a miña primeira novela, *Baixo mínimos*. Daquela lera moito os clásicos norteamericanos e pretendía xogar un pouco co xénero. Eran tempos de aprendizaxe. Creo que todas as miñas historias, agás *Tres segundos de memoria*, gardan relación co xénero ou limitan con iso que se chama literatura criminal. Non sei se pertenzo á vella garda, pero os anos pasan para todos. Entre aquelas aventuras algo psicotrónicas de Horacio Dopico e o pouso existencial e relixioso de *O cervo a sombra*, creo que hai un mundo.

**—Que opinión lle merece esa novela negra fácil, que é un fenómeno de masas e se le dun tirón?**

—Que está ben que haxa de todo, e que cada un escolla libremente o que desexa ler. Aínda que eu estou moi lonxe do best-seller e da literatura de consumo rápido, por suposto. Ocorre que ese tipo de libros, algúns deles de escasa calidade, teñen toda unha maquinaria comercial que xoga ao seu favor. E iso deixa pouco espazo para quen ofrece algo máis arriscado.

**—Ata onde pode desvelarnos quen era Miguel Duarte, o protagonista?**

—Mellor non dou pistas, que se falo de máis vou en contra de min mesmo. Para iso hai que ler a novela e aceptar o xogo que propoño nas súas páxinas. O misterio da identidade de Miguel Duarte vaise revelando entre sombras e contradicións.

# Sara Vila Alonso






XLII PREMIO BLANCO AMOR DE NOVELA

Sara Vila Alonso (As Neves, 1989) é licenciada en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela. En 2019 foi recoñecida co segundo premio Comunicar en Igualdade 2019 polo artigo “Noso toque de queda”. Como autora literaria, en 2016 logrou o primeiro premio no Certame de Relatos Curtos Os Viadutos de Redondela por *Adeus, María*. En 2021 obtivo o Premio Illa Nova de Narrativa coa súa primeira novela, *Oito días sen Eva Cortes*.

## O incendio

Un relato sobre o lume, aínda que o importante sexa todo o que sucede antes de que comece arder. Unha adolescente narra os acontecementos que marcaron os meses previos ao devastador incendio que arrasou Neboeiro, a aldea da súa avoa, e cambioulle a vida para sempre. As primeiras experiencias sexuais, o acoso escolar, a morte e o forte vínculo coa súa avoa e cunha cadela abandonada determinan o devir da historia, ambientada nun rural descoidado que esmorece. Cunha voz que escribe dende a inxenuidade, a tenrura e o humor, esta novela de Sara Vila Alonso explora a intimidade dunha nena que se fai adulta nun mundo hostil e violento, pero onde tamén afloran os afectos, a amizade e o pracer.

Xerais · Rústica
15,5 × 23 cm · 208 páxinas

ISBN: 978-84-1110-514-9

17,05 €

# Xabier López López






## Contrabiografía

*Contrabiografía* non é unha biografía á contra. Ou poida que si. Dela di o autor que é “unha velada chiscadela ao *Everybody's Autobiography*, de Gertrude Stein, onde se nos ensinou que a mellor maneira de falar dun mesmo é falar deles, dos outros, aquelas persoas e espazos contra os que nos recortamos coma unha sombra”. Unha obra da estirpe dos híbridos na que o motor é unha navegación río arriba, unha pescuda das orixes da memoria familiar que –co pretexto de dar conta dunha vinganza, un asasinato, unha execución, unha historia real con trazas de traxedia grega– busca e recrea pontes, rías, pasadizos e viaxes de ida e volta, do Golfo Ártabro a América, deste século aos séculos pasados, para, “acaso sen pretendelo, descubrir que todo é estrañamente parecido ao que nos contaron”.

Galaxia · Rústica
15 × 23 cm · 218 páxinas

ISBN: 978-84-1176-180-2

19 €

# Lola Rontano




## Esperta do teu sono

O tema central é o conflito da mina de Corcoesto, en Cabana de Bergantiños. Entre misteriosas mortes e vellos rancores, Vila Amparo, un porto de mar da Costa da Morte, será testemuña da paulatina toma de conciencia e organización por parte dunha veciñanza que non acepta un destino colonial. O bibliotecario, as profesoras, Vitoria, o percebeiro Urbano, os mestres xubilados, a peixeira Carmela, o Tetris e mais Rou protagonizan un núcleo de resistencia na vila nunha loita histórica que se enfrontou á corrupción das elites políticas e económicas no goberno.

Xerais · Rústica
15,5 × 23 cm · 480 páxinas

ISBN: 978-84-1110-460-9

18,52




XXX PREMIO TORRENTE BALLESTER DE NARRATIVA EN CASTELLANO 2018

## Austroatlántica

Viaxe iniciática que se inspira na estadía da autora na cidade arxentina de Córdoba, nos anos 2010 e 2011, e nos acontecementos sociais que deron lugar ás mareas reivindicativas e o fenómeno 15M. *Austroatlántica* xustapón personaxes, historias e lugares, creando unha certa desorde que se corresponde co estado emocional da protagonista. O subtítulo de “La Argentina que Dios quiere”, remite ao fío formal do relato, o da relixión, que liga e fai unha amalgama de elementos dispares, incluíndo parábolas.

Dep. da Coruña · Rústica
15 × 21 cm · 280 páxinas

ISBN: 978-84-98123-54-8

14 €




## Berta Dávila

## A ferida imaxinaria

Conta a historia de dúas parellas de irmás distanciadas, dous peixes laranxas e un ganso doméstico. E tamén a dos habitantes da aldea de Soutelo, cerca de Viveiro. Falta pouco tempo para que se produza unha eclipse solar total, pero ningunha das protagonistas ten un interese especial no fenómeno. As catro están mergulladas na súa propia escuridade. Berta Dávila crea personaxes, situacións e paisaxes nunca antes vistas e, así e todo, absolutamente próximas e familiares e onde todo flúe para provocar o asombro.

Xerais · Rústica
15,5 × 23 cm · 176 páxinas

ISBN: 978-84-1110-461-6

17,05 €




## Xulio López Valcárcel

## O cantar dos músicos errantes

Obra que recolle, gaba e restitúe a memoria daqueles músicos anónimos que, con maior ou menor “afinación”, mantiveron viva a chama da tradición na España en branco e negro do século pasado. Amais, na mestura realidade e ficción vai máis aló da temática estritamente musical para cicelar un exhaustivo retrato daquel mundo que se foi baleirando coa emigración e hoxe agonía entre o desleixo e o silencio.

Medulia · Rústica
15 × 23 cm · 224 páxinas

ISBN: 978-84-19438-72-0

17 €

# Paco Morgan






FINALISTA DO XL PREMIO XERAIS DE NOVELA

## A rede Branca

Trepidante novela negra ambientada na cidade portuaria de Úrvida (que se pode identificar con Vigo), cunha estrutura coral formada por catorce personaxes protagonistas que van entrelazando as súas historias para debuxar un regueiro de cocaína que circula desde restaurantes de luxo ata patios de prisión. Un narcotraficante intenta converterse nun honorable empresario mediante un pelotazo urbanístico, mais o arresto casual do esbirro que agocha o seu último alixo ameaza con botar todo a perder. Avogados, hostaleiros, policías, políticos, presidiarios, camareiros, asesores e xornalistas participan da trama criminal ou serven de nexo e escusa para trazar este vibrante fresco urbano.

Xerais | Rústica | 15,5 × 23 cm | 160 páxinas

ISBN: 978-84-1110-499-9

14,50 €

# Óscar Senra






## André

Uma grave acusação de cinquenta anos atrás agita a família Fredberg, e dous irmãos decidem viajar de Vedra a Oslo à procura de respostas. Mas, apesar de partilharem fuso horário, o tempo corre em paralelo na Galiza e na Noruega. Recorda como às vezes golpeava suavemente o vidro do relógio com o dedo indicador e ficava calado olhando para ele, ausente. Um dia atreveu-se a perguntar-lhe que pensava nesse momento. A resposta chegou-lhe de mui longe, apenas audível. "É incrível pensar que aqui temos exatamente a mesma hora que em Ålesund, verdade?" Ainda que pode ser lido de forma independente, André encerra a Trilogia de Vedra, da qual também formam parte *Sete dias com Elisa* e *1928 km*.

Através | Rústica | 13 × 20 cm | 160 páxinas

ISBN: 978-84-16545-90-2

13 €

# Juan Parcero






## Na canella infinita

Dúas xeracións atópanse nunha vila consumida pola droga e poboada de fantasmas e sombras. Corren os anos 80, un tempo de gran creatividade e militancia cultural, pero tamén de moitas traxedias persoais, dor e morte. Un achado accidental e envelenado nunha praia coloca ao trío de protagonistas no bordo do precipicio. Historias paralelas que se bifurcan, as ansias de desaparecer e esquecer o medo, o ímpeto humano do auxilio e solidariedade, os remorsos e a procura de consolo, o terror cara a un futuro que non existe e a sabedoría dun pasado que sempre acompaña, forman parte dunha historia engaiolante e poliédrica onde moitos lectores e lectoras se recoñecerán.

Galaxia | Rústica | 15 × 23 cm | 140 páxinas

ISBN: 978-84-1176-181-9

15,60 €




FINALISTA DO V PREMIO VILAR PONTE DE NOVELA

### Cristina Rey

## A fuxida

Conta a historia de Sumailla e a súa familia andina pero tamén, como apunta o xurado do V Premio Vilar Ponte de Novela "ensambla a historia colonial coa realidade galega da emigración desde unha visión crítica abordando cuestións como a desigualdade social, o abuso de poder, a familia ou a amizade". É unha novela con protagonismo feminino que incide na necesidade de estabelecer lazos de sororidade para enfrontar as situacións máis difíciles da vida dos personaxes e un alegato contra o racismo.

Baía | Rústica | 14 × 21 cm | 168 páxinas

ISBN: 978-84-9995-447-9

13,50 €




### Mariña Pérez Rei

## Finximentos

Nené e Heinrich sobreviven nun mundo en crise, nun teatro de máscaras onde nada é o que parece e a identidade se torna un xogo. Asalariados, estafadores ou grandes cínicos, os dous deambulan na procura dunha esquina limpa na costa galega para nadar ou para naufragar, para ocultar o seu amor entre dunas ou para sentirse vivos. Saben que a farsa empeza na propia gorxa. Que o silencio é un baixío que hai que evitar. Que o valor dunha conversa é infinito no perfil das apetencias. Aprecian tanto o que beben coma o tícket que amosa a súa consumición.

Xerais | Rústica | 15,5 × 23 cm | 152 páxinas

ISBN: 978-84-1110-487-6

17,05 €




### Elena Gallego Abad

## O legado da nena do sal

Cando Inés lle prometeu á nai ler os seus cadernos e escribir o libro da súa vida non podía imaxinar o alcance dese legado. Ao abrir o primeiro manuscrito, a memoria devolveulle a imaxe de Carmiña, trinta anos máis nova, escribindo sen parar sobre a mesa da cociña. Inés sabía que se lle presentaba unha oportunidade irrepetible e fixou a ollada na caligrafía coñecida, coma se así puidese revivir a nai xa ausente para sempre. E o texto prendeuna a un pasado e unha vida absolutamente descoñecidos para ela nos tempos duros dunha España acabada de saír dunha guerra civil.

Xerais | Rústica | 15,5 × 23 cm | 640 páxinas

ISBN: 978-84-1110-486-9

20,85 €

# Marica Campo



Foto: Distrito Xermar




## Memoria para Xoana

Xoana, a que está por vir, a desexada, resultado dun acto libre de compromisos, recibe de súa nai o legado da memoria persoal e colectiva, que a sitúa na realidade das mulleres da familia e que lle entrega a modo de advertencia e prevención, mais tamén como impulso para buscar a propia felicidade e lugar no mundo. Non exenta de crítica social, esta historia, encadeada sobre a maternidade ao longo de distintas xeracións dunha familia, é tamén unha historia colectiva, e como tal relativiza as "verdades absolutas" dunha época, e anima a loitar pola propia felicidade e transformar a sociedade máis aló de convencionalismos.

Baía Rústica
14,30 × 21 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-9995-444-8

12 €

# Marilar Aleixandre






## Lobos nas illas

Pode lerse como unha novela ou como relatos encadeados sobre a memoria, os segredos das familias, as aldeas nun proceso acelerado de mudanza ou a Costa da Morte, un espazo que constitúe unha constante na obra de Aleixandre. Publicouse por vez primeira en 1996 por Xerais e recolle relatos pioneiros, o primeiro en galego sobre a violencia de xénero, "Terror na madrugada", e sobre os fusilados do 75, "A luz do día escura", recollido en antoloxías en inglés. A escrita delicada, a atención á creación de ambientes, o diálogo con textos literarios, son trazos da voz de Marilar Aleixandre que escolle o relato como o xénero no que máis goza escribindo.

Galaxia Rústica
15 × 23 cm 154 páxinas

ISBN: 978-84-1176-179-6

15,62 €




### VV AA

## Os nabos de Gracián

Libro de relatos feitos por varios autores arredor dunha noticia que durante o confinamento saíu na prensa sobre "Os nabos de Gracián". Son textos cargados de humor pero tamén de crítica. Ánxela Gracián di no prólogo: "Canda a risa e o humor negro vén tamén a diatriba contra unha televisión que á mantenta abre as emisións con noticias sen importancia, ocupando o espazo do que merecería ser contado en primeira páxina, e faino precisamente para non falar do que pasa, ese drama que se nos veu enriba naquel momento". "Estamos, pois –continúa–, ante o delito de informar e ante a liberdade de prensa secuestrada. Un modo de censura democrática que nos priva do dereito a saber, alicerce de toda sociedade democrática".

Medulia Rústica
14 × 21 cm 140 páxinas

ISBN: 978-84-19438-83-6

17 €




### Guadalupe Vázquez Formoso

## Carburos é o meu Dios

Novela histórica e de suspense. Recrea e dá testemuño da época en que tiveron lugar en Castrelo as obras de construción do canal de auga para a central eléctrica no río Xallas, co fin de abastecer de enerxía a Carburos Metálicos. En 1947 comezaron as obras da central de Castrelo, rematándose en 1953. Para a súa construción escaváronse na rocha 9.000 m., dos cales 5.000 m. son de túneles e os 4.000 m. restantes son de canle a ceo aberto. Narrada nunha linguaxe por veces poética, nela conviven os rexistros coloquial e culto.

Medulia Rústica
14 × 21 cm 100 páxinas

ISBN: 978-84-19438-74-4

14,90 €




### Amador Castro Moure

## Pronto hei de volver

Como pano de fondo, a emigración a Venezuela de finais dos cincuenta. Conta a historia de Rosario de Chiquinquirá, unha asasina a soldo, residente no infame barrio de Petare, que quere deixar atrás a vida que leva malia estar convencida de que non existe o "ascensor social". Tamén é a historia de Castor Varela, que quixo ir, mais nunca chegou a poñer un pé en Venezuela. E tamén a de Policarpo Luxilde, que foi sen querer e encargou a morte do Castor. En definitiva, unha historia de vidas cruceiro que só alcanzan a súa razón de ser na existencia das outras.

Xerais Rústica
15,5 × 23 cm 176 páxinas

ISBN: 978-84-1110-437-1

18,52 €




### Irene Rega Jul

## Tecendo redes

Verónica non renuncia ao seu soño profesional, mais tampouco a vingar os feitos que marcaron a súa vida para sempre. Ao día seguinte de asinar o contrato e deixar as súas pertenzas no despacho que ía compartir con Bruno Agueiro, este aparece morto. A cidade érguese conmocionada coa nova do asasinato do catedrático e a nosa protagonista non tarda en se converter na principal sospeitosa. Sen dúbida tiña motivos para acabar coa súa existencia, pero non era a única. *Tecendo redes* é unha novela de intriga, que tamén esculca nas miserias da sociedade e nas vítimas dos abusos de poder, na dor do silencio e na culpa.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 252 páxinas

ISBN: 978-84-1176-155-0

18,52 €

# Aki Shimazaki




## Maimai

Quinto título da pentaloxía de *Hôzuki*. A repentina morte de Mitsuko colle a todo o mundo por sorpresa, incluídos os clientes da súa libraría. A xente que vén darlle o pésame ao seu fillo Tarô esperta nel un novo interese polos detalles da súa historia familiar e os segredos que a súa nai levou á tumba. Ao mesmo tempo, reencóntrase cun antigo amor e decide casar, pese a quen pese. Aki Shimazaki (Xapón, 1954) vive no Canadá, onde dá clases de xaponés e escribe narrativa en francés, sempre con título nipón. Tradución do francés de Sergio Gómez Blanco.

Rinoceronte · Rústica · 13,5 × 21,5 cm · 142 páxinas

ISBN: 978-84-19795-14-4

16,15 €



### Títulos da pentaloxía

**Azami**

Rinoceronte · Rústica
13,5 × 21,5 cm · 120 páxinas

ISBN: 978-84-19795-01-4

15,20 €

**Hôzuki**

Rinoceronte · Rústica
13,5 × 21,5 cm · 114 páxinas

ISBN: 978-84-19795-02-1

15,20 €

**Suisen**

Rinoceronte · Rústica
13,5 × 21,5 cm · 117 páxinas

ISBN: 978-84-19795-03-8

16,15 €

**Fuki-no-tô**

Rinoceronte · Rústica
13,5 × 21,5 cm · 122 páxinas

ISBN: 978-84-19795-09-0

16,15 €






### Nellye Bly

## A volta ao mundo en 72 días

En 1888 a xornalista Nellie Bly propúxolle ao seu editor no New York World completar a volta ao mundo en 80 días para converter en realidade a fantasía de Jules Verne. Un ano despois comezaría a viaxe. Cunha equipaxe o máis lixeira posible, a reporteira partiu nunha viaxe na que mesmo se chegou a encontrar con Verne. Dos seus traslados en barco de vapor e ferrocarril deu conta grazas ás redes de cable submarinas e ao telégrafo, mentres o xornal organizaba unha aposta entre os lectores para tratar de acertar a data e hora do seu regreso. Traducido por Enara Caride Lago e Moisés Barcia.

Rinoceronte · Rústica
13,5 × 21,5 cm · 232 páxinas

ISBN: 978-84-19795-08-3

19,95 €




### Sigrid Nunez

## O amigo

Cando unha escritora perde inesperadamente un amigo de toda a vida, decide facerse cargo do seu can. A súa propia batalla contra o loito intensificase co sufrimento mudo do can, un gran danés arlequín, e coa ameaza do desafiuzamento, xa que está prohibido ter animais no seu pequeno apartamento. Illada do resto do mundo, comeza a obsesionarse co coidado da mascota, o cal lle serve de escusa para reflexionar sobre a vida, a morte, o amor, o sexo, os animais, a escritura e a sociedade actual. Sigrid Nunez (Nova York, 1951) é unha recoñecida autora estadounidense, con nove novelas publicadas e traducida a máis de trinta linguas. *O amigo* publícase en tradución do inglés de Moisés Barcia.

Rinoceronte · Rústica
13,5 × 21,5 cm · 204 páxinas

ISBN: 978-84-19795-11-3

19 €




### Boris Pasternak

## Doutor Zhivago

A súa publicación non foi posible en Rusia ata 1988, ao abeiro da Perestroika, e o seu autor tivo que rexeitar o premio Nobel en 1958 por presións das autoridades soviéticas, o que, xunto coa maxistral adaptación cinematográfica de David Lean, non fixo máis que engrandecer este mito. A paixón entre Yuri Andréyevich e Larisa Fiódorovna baixo o estrondo da vella Rusia imperial que se esboroa, cativou milleiros de lectoras e lectores en numerosas linguas. Desde a Primeira Guerra Mundial, a Revolución rusa de 1917 e a posterior Guerra Civil de 1918 a 1920, estas páxinas seguen a Yuri e a Lara nos seus encontros e desencontros nos tempos incertos e terribles que lles tocou vivir. En tradución de Aleksandr Dziuba.

Galaxia · Rústica
14,8 × 22 cm · 724 páxinas

ISBN: 978-84-1176-185-7

32,30 €




### Madeleine de Souvré

## Máximas

A vida de Madeleine de Souvré, marquesa de Sablé, transcorre entre os anos 1599 e 1678. Casou en 1614 e ó enviuvar, en 1640, establéceuse na Place Royale de París xunto cunha amiga súa. Ambas abriron un salón cultural, moi frecuentado entre outros polo duque de La Rochefoucauld. Nel discutíase libremente sobre calquera tema, e despois cada quen intentaba resumir o seu parecer nunha breve sentenza. As máximas de Madeleine de Souvré foron publicadas postumamente, pero a súa composición é anterior ás de La Rochefoucauld. Algunhas das recollidas nesta obra están acompañadas de comentarios do seu tradutor ao galego, Ricardo Moreno Castillo.

Medulia · Rústica
14 × 21 cm · 64 páxinas

ISBN: 978-84-19438-86-7

14,90 €




## Beatriz García Turnes

# Comando sintrom

Relatos nos que hai un rico mosaico de personaxes femininas que se atopan no final da súa vida. Mulleres actuais que, a pesar da súa idade, ou quizais por iso, se adaptan aos novos tempos: anciás que se manexan nas redes sociais, pasean o can pola cidade, camiñan por prescrición médica e gozan da vida. O tempo xoga na súa contra e aparecen os achaques e tamén han de enfrontar a soidade, ou o pasado que chega para saldar débedas pendentes. Por veces son pillabanas, outras tremendamente sensibles, en ocasións parecen equivocarse, pero na inmensa maioría saen adiante con sentido do humor, con doses de retranca e de sororidade.

Galaxia Rústica 15 × 23 cm 108 páxinas

ISBN: 978-84-1176-191-8

14,70 €




## Miriam Beizana Vigo

# A soidade das nenas

Celia, unha nena que vive no orfanato Hijas de la Caridad, desaparece sen deixar pegada. Emilia, a súa mellor amiga, tentará suplir o oco que deixa uníndose irremediablemente á súa irmá xemelga, MX, quen fuxirá da pantasma da desaparecida nunha carreira cara adiante. Esa unión medrará con elas nunha relación amorosa de cimentos fráxiles, pero a incógnita da desaparición atormenta a Emilia, que teima en retornar ao pasado para descubrir o que sucedeu. A través dunha voz literaria rotundamente persoal e fascinante, Miriam Beizana constrúe unha historia subxugante, escrita con extrema delicadeza: a da estraña e imantada relación que se establece desde a infancia entre Emilia, Celia e MX.

Xerais Rústica 14,5 × 22 cm 296 páxinas

ISBN: 978-84-1110-497-5

13,95 €




## Amalie Skram

# A traizón

No sistema literario de orixe, esta novela está considerada como un dos grandes clásicos do rupturismo moderno escandinavo, un movemento de corte realista e analítico. Cómpre así mesmo prestarlle atención á descrición da vida a bordo dun mercante noruegués (que a autora coñecía á perfección), outro dos grandes atractivos dunha obra a todas luces singular, nunca antes traducida a ningunha lingua ibérica. Celos, incomprensión, rexeitamento, disparidade sexual e afectiva, confianza, fe... son elementos que se suman para situar esta peza nun lugar inescusable entre as grandes novelas europeas. Traducido do dinamarqués por Marta Dahlgren e Alejandro Tobar.

Hugin e Munin Rústica 13,5 × 20 cm 160 páxinas

ISBN: 978-84-126007-9-7

15,50 €




## Louise Colet

# El

Publicada en 1859, e un ano despois en volume, a obra contou cun grande éxito, por vir asinada pola amante de Flaubert e por ser un relato en clave cunha visión diferente da recollida ese mesmo ano por George Sand en *Elle et lui* –recreación da súa relación con Alfred de Musset– e por Paul de Musset en *Lui et elle*, unha defensa irada do seu irmán. A marquesa Stéphanie de Rostan, dous anos despois da morte do famoso poeta Albert de Lincel, rememora o tempo que compartiu con el. Colet combina a narración da marquesa co relato inserido na voz do poeta, o cal lle serve para analizar a psicoloxía de homes e mulleres, e concluír a incompatibilidade que resulta das súas diferenzas intelectuais e sensuais. Traducido do francés por Isabel Soto.

Hugin e Munin Rústica
13,5 × 20 cm 328 páxinas

ISBN: 978-84-128075-0-9

16,62 €




## Arto Paasilinna

# Delicioso suicidio en grupo

Onni Rellonen, un home de negocios golpeado pola vida, e o coronel Hermanni Kemppainen, oficial frustrado, atópanse nunha vella pallota, ambos co mesmo propósito de suicidarse. Tras o estraño encontro deciden levar a cabo un plan: xuntar todas as persoas do país que están pensando en suicidarse e pasar os seus últimos días no grupo axeitado. Paasilinna trata a sombría cuestión do suicidio co seu inconfundible sentido do humor, para amosar que, malia todo, a vida sempre paga a pena. Traducido do finés por Tomás González Ahola e Tuula Ahola.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 256 páxinas

ISBN: 978-84-17388-96-6

19,95 €




## Kenneth Cook

# A vinganza do wombat

Kenneth Cook (1929-1987) foi un xornalista, documentalista e novelista australiano, coñecido polos seus relatos humorísticos, de notable éxito, que foron levados á pantalla en varias ocasións. Ademais, montou a primeira granxa de bolboretas do seu país e tamén cofundou un partido político oposto á guerra de Vietnam. O seu recoñecemento como escritor chegou coa publicación da súa primeira novela, *Wake in Fright*, en 1961. A este seguiríanlle uns 20 títulos de ficción e non ficción. A vinganza do wombat chega ao galego en tradución de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 170 páxinas

ISBN: 978-84-19795-06-9

16,15 €




## Bernardo Atxaga

# Exteriores do paraíso

Libro diferente, que o lector percorrerá como por unha paisaxe onde conviven formas e materiais que poucas veces van xuntos. Á narrativa melancólica séguelle o poema que fai rir, ou a historia dunha lectura pública singular; a unha nota autobiográfica, ou unha extravagante conferencia sobre literatura. Con todo, as páxinas deste libro, teñen cunha estrutura ordenada, clara e comparten un mesmo fondo: o amor, o medo e a morte, temas que, desde a primeira gripe de Adán acompáñannos a todos. Traducido por Isaac Xubín.

Faktoría K Rústica
13,5 × 20,5 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-19213-47-1

16,15 €




## José Ramón Alonso

# Osa

Un álbum tenro e poético sobre a maternidade. Osa está soa e coa chegada do frío e do inverno busca un bo lugar para durmir. Unha mañá, a luz inunda o seu agocho, a súa tripa axítase e non é de fame. Unha nova primavera chegará para Osa e agora xa non estará soa. As ilustracións de Lucía Cobo, delicadas, metafóricas e de gran forza poética e narrativa, presentan a maternidade como un acontecemento natural e sereno, un momento único de especial conexión entre unha nai e a súa cría.

Kalandraka Cartonado 21,5 × 27 cm 28 páxinas

ISBN: 978-84-1343-289-2

15,20 €

Á VENDA O 11 DE ABRIL







## Maite Mutuberria

# Tarde de sapo

Álbum ilustrado moi divertido cun ritmo narrativo crecente e final inesperado. Os seus protagonistas exprésanse dunha forma peculiar, utilizando xogos fónicos e onomatopeas, recursos que apoian a narración e contribúen a dotalos de personalidade. Maite Mutuberria fai uso dunha linguaxe próxima ao cómic, con indicacións de movemento, expresións xestuais, bocadillos e abundantes recursos simbólicos que acentúan o carácter humorístico da proposta. A tradución é de Manuela Rodríguez.

Kalandraka Cartonado
22 × 22 cm 44 páxinas

ISBN: 978-84-1343-285-4

14 €

## Bruno Heitz

# Unha historia fantástica

Unha vaca sedenta cruza a estrada cando pasa unha camioneta cos freos avariados. Un álbum divertido e brillante, unha historia disparatada que se resolve grazas á creatividade e á actitude positiva. En tradución de Xosé Ballesteros.

Kalandraka Cartonado
22,5 × 2,5 cm 48 páxinas

ISBN: 978-84-1343-279-3

14 €

## Á. Jónsdóttir, R. Helmsdal e K. Güettler

# Monstro Pequeno di NON!

Cando Monstro Grande peta na porta de Monstro Pequeno, só hai unha resposta posible: Non! Monstro Grande non se porta ben e non é un bo amigo, pero promete cambiar, e Monstro Pequeno dálle unha nova oportunidade. Este orixinal e divertido libro fala da amizade, de como relacionarse, da boa educación e da pequena palabra Non!, que ás veces hai que saber usar con firmeza. En tradución do islandés do Equipo Sushi.

Sushi Cartonado
14,5 × 28 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-16884-78-0

15,20 €










## Małgorzata Swędrowska e Joanna Bartosik

# Mamás e papás

A través de 50 escenas ou viñetas vaise retratando, ilustrando, o día a día de pais e nais que rachan cos clixés tradicionais nas súas vidas cotiás e o seu papel nos fogares. Olladas dende o punto de vista da xente máis nova da casa, vanse sucedendo situacións divertidas, soñadoras e poéticas. En letras maiúsculas. Traducidos do polaco ao galego por Ana Garrido. Coa supervisión de María Reimóndez.

Alvarellos Cartonado 20 × 20 cm 52 páxinas

ISBN: 978-84-18567-49-0

15,20 €

## Małgorzata Swędrowska e Joanna Bartosik

# Avoas e avós

Creado polas autoras polacas Małgorzata Swędrowska e Joanna Bartosik, mostra, dun xeito divertido e rachando cos clixés tradicionais, o día a día de avós e avoas nos fogares, vistos desde os ollos dos seus netos e netas. Os contos desenvolven outra mirada sobre as familias. Quen é a avoa e o avó? Que fan cada día? Que desexan? Traducidos do polaco ao galego por Ana Garrido. Coa supervisión de María Reimóndez. Textos en maiúsculas.

Alvarellos Cartonado 20 × 20 cm 52 páxinas

ISBN: 978-84-18567-50-6

15,20 €

## Małgorzata Swędrowska e Joanna Bartosik

# Irmás e irmáns

Cincuenta escenas ou viñetas que amosan o día a día entre irmáns e irmás vistos desde os ollos deles mesmos. Traducidos do polaco ao galego por Ana Garrido. Coa supervisión de María Reimóndez. Textos en maiúsculas.

Alvarellos Cartonado 20 × 20 cm 52 páxinas

ISBN: 978-84-18567-51-3

15,20 €

6↑




Á VENDA O 11 DE ABRIL

## Janosch

### Gran festa de aniversario para Tigre

Unha nova aventura dos entrañables personaxes creados por Janosch. Todo o mundo fai anos, tamén tigre pequeno, que quere celebralo ao grande cos seus amigos e veciños. Pero facer unha festa non é doado, hai que escribir aos convidados, preparar a comida e a bebida, organizar a casa, seleccionar a música... Despois de tantos esforzos chega o momento de divertirse, de cantar, bailar e de facer novos amigos. En tradución de Iago Nicolás.

Kalandraka Cartonado 15 × 21,5 cm 52 páxinas

ISBN: 978-84-1343-287-8

15,20 €

6↑




## María Oruña

### O tren fantasma

A Alan non lle gusta ir para a cama. Para axudalo a durmir, o seu pai decide lerlle un conto moi especial: *O tren fantasma*. Cando Alan queda durmido co libro nas mans acorda dentro do tren da historia. E as pantasmas serán o último dos seus problemas: montañas máxicas, tormentas terribles, amazonas con espadas. Primeira historia infantil de María Oruña. As ilustracións son de Ana Zurita.

Xerais Rústica 13 × 20 cm 80 páxinas

ISBN: 978-84-1110-484-5

12,95 €

Poesía

7↑




## Antonio García Teijeiro e Noemí Villamuza

### Os ecos do vento

Doce poemas de Antonio García Teijeiro dedicados a doce creadoras, poetas ou narradoras de diferentes xeracións e de ambos os lados do Atlántico, ilustrados coa sensibilidade de Noemí Villamuza.

Kalandraka Cartonado 19× 28 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-1343-281-6

15,20 €

7↑




## Laura Ellen Anderson

### Amelia Fang e o ladrón de lembranzas

Amelia Fang está moi ilusionada coa gran festa da súa noite de anos. Pero os seres de Nocturnia andan a facer cousas moi raras, parecen desmemoriados e ata esqueceron asistir a esa festa. Semella que alguén lles roubou as lembranzas e Amelia tentará descubrir a causa e salvar os seus amigos e parentes para que non se esquezan dela. Traducida do inglés por Eva Almazán.

Sushi Rústica
13 × 19 cm 228 páxinas

ISBN: 978-84-16884-75-9

15,50 €

7↑




## Laura Ellen Anderson

### Amelia Fang e as vacacións de media lúa

Os escolares de Nocturnia non teñen clase porque son as vacacións de media lúa. Amelia vainas pasar de campamento na illa da Ameixeira de Azucre cos Aventureiros do Arco Iris. Mentres exploran a illa, Amelia e os seus compañeiros encollen ó tamaño dun bicho e terán que completar unha longa viaxe para romper a maldición. Traducida do inglés por Eva Almazán.

Sushi Rústica
13 × 19 cm 244 páxinas

ISBN: 978-84-16884-76-6

15,50 €

8↑




## Elba de Evan

### Varetai.

Protectora de espíritos

Lía é unha rapaza especial, dende cativa é capaz de ver os Vareti, espíritos elementais da natureza que protexen o mundo. Cando as cousas comezan a se torcer na vila, decátase de que algo non vai ben. Xunto con Brisa, a súa inseparable amiga, tentará solucionar a desfeita antes de que cobre dimensións épicas. Con ilustracións de Mara Méndez García.

Xerais Rústica
13 × 20 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-1110-475-3

12,50 €




## Érica Esmorís

### Analfabeta

"Teño cinco anos e xa sei ler e escribir. A maioría dos meus compañeiros ten seis e non len nin escriben tan ben coma min. Mesmo hai un neno que apenas le e só escribe o seu nome. Eu chámolle analfabeto e os meus compañeiros rin. Pero el non. Tampouco se enfada. Non sabe que é o peor insulto do mundo", di o protagonista. Un álbum ilustrado por Dani Padrón para lembrar que hai aprendizaxes máis importantes que ser o primeiro en saber ler.

Xerais Cartonado
19,5 × 26,6 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-1110-473-9

15,15 €




## Ledicia Costas

### Sete dentes de león

Ledicia Costas e David Sierra achegan un delicioso álbum sobre o nacemento do arco iris. Esta historia sucedeu cando o mundo era gris. A vella tivo sete soños durante sete noites e naceron sete dentes de león que acenderon o mundo.

Xerais Cartonado
19,5 × 26,6 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1110-406-7

13,95 €




## El Hematocrítico

### Dona Problemas, salvadora da escola

Segundo dos títulos da colaboración de El Hematocrítico co historietista Paco Roca protagonizados por Dona Problemas. Durante unha das súas misións, Carlota, Dona Problemas, ten un accidente cun mestre, e este ten que coller uns días de baixa. A substituta será, nada máis e nada menos, que A Túa Profe Riquiña, unha influencer especializada en educación que, ademais, expón toda a súa vida nas redes. O que podía parecer algo superdivertido, convértese nunha tortura para os estudantes, e Dona Problemas terá que usar todo o seu enxeño para salvar a escola. A tradución é de Anaír Rodríguez Rodríguez.

Xerais Rústica
13 × 20 cm 120 páxinas

ISBN: 978-84-1110-511-8

12,50 €

8↑




Á VENDA O 11 DE ABRIL

TÍTULO ANTERIOR

**Dona Problemas**

Xerais Rústica
13 × 20 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-1110-258-2

12,50 €

11↑

Á VENDA O 11 DE ABRIL




## Berta Dávila

### O Concurso dos Mellores Inventos (e outros incribles acontecementos)

Unha disparatada aventura ilustrada por Julia Lago con viaxes no tempo e malvados impostores. O Concurso dos Mellores Inventos está a piques de comezar e o premio é nada menos que un millón de billetes. A eminente científica e profesora Calista Parada está convencida de que a súa bicicleta para viaxar no tempo non ten rival, pero as cousas non serán tan doadas como espera.

Xerais Rústica
13,5 × 19 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-1110-512-5

12,95 €

9↑




## Jakob Wegelius

### A lenda de Sally Jones

Esta é unha historia sobre crimes non resoltos en terras afastadas, en cidades ocultas tras a brétema. Sobre maldade arteira en xunglas calorosas e sobre unha leal amizade en océanos tormentosos. É unha historia sobre morriña, esperanza e crueis traizóns. Esta é a lenda de Sally Jones. En tradución de Moisés Barcia.

Sushi Rústica 16,5 × 26,5 cm 108 páxinas

ISBN: 978-84-16884-79-7

15,20 €

10↑




Á VENDA O 8 DE ABRIL

## Paul Berna

### O cabalo sen cabeza

Unha cuadrilla de nenos das aforas de París divírtese cun vello cabalo con rodas ó que lle falta a cabeza e co que se lanzan rúa abaixo a toda velocidade. Cando uns tipos sospeitosos lle ofrecen unha gran cantidade de diñeiro a cambio do seu vello xoguete, eles néganse a vendelo, e pouco despois o cabalo desaparece. Comezan entón unha investigación para recuperalo, e sacarán á luz un asunto moito máis groso do que eles imaxinaban. En tradución de Moisés Barcia.

Sushi Rústica 14 × 21 cm 158 páxinas

ISBN: 978-84-16884-83-4

15,20 €

10↑




## An Alfaya

### O corazón das casas

Eli lembra a súa infancia cos seus pais, que reformaban casas vellas, e vivían nelas mentres as reconstruían. Nunha delas, na casa da cerdeira, atopa un obxecto que a leva a descubrir a Mencía, unha misteriosa nena que se acanea nun bambán no xardín, cuxa presenza lle provoca sensacións que non é quen de entender. Os enigmáticos silencios do xardineiro Sebastián e a retranca da tendeira Candelaria provócanlle moitas preguntas e case ningunha resposta á súa curiosidade. Unha emotiva viaxe tecida cos fíos do real e do imaxinario ata descubrir o talismán da amizade. Ilustrado por Mario G. Alfaya

Galaxia Rústica 13 × 20 cm 190 páxinas

ISBN: 978-84-1176-189-5

14 €




XI PREMIO CARLEMANY 2021

## Laura Gonzalvo

# A lista das cousas imposibles

*A lista das cousas imposibles* é a historia de Clara e de Guim. Un relato de soños e realidades, de anhelos e de cicatrices. Unha historia de amor e de vida. Di Clara que cando Guim a deixou, só pouco antes do seu aniversario dos dezaoito anos, fíxoo porque tiña ganas de "facer cousas". De vivir a vida. Que non sabía que só seis meses despois un accidente de moto o ía deixar en cadeira de rodas e que sería ela quen viviría a vida que el imaxinara. Di que a de Guim terminou sendo unha vida totalmente distinta na que o que desexaba eran cousas que non podería volver facer ou ter nunca. Unha novela aditiva, sinxela, pero profunda ao mesmo tempo. En tradución de María Alonso Seisdedos.

Galaxia Rústica 13,5 × 21 cm 146 páxinas

ISBN: 978-84-1176-182-6

16,53 €




Á VENDA O 11 DE ABRIL

## Olaia Sendón

# Nave

Néboa fixo dezaseis anos hai pouco e abúrrese mortalmente na clase do profesor Nogueira. Tampouco pode deixar de pensar en que lle acontecería a Noite, a súa amiga que acaba de morrer. Polo resto, a vida de Néboa é moi normal, ou todo o normal que pode ser para alguén que naceu nunha nave espacial e forma parte dos últimos cen mil supervivientes da raza humana.

Xerais Rústica 13 × 21 cm 224 páxinas

ISBN: 978-84-1110-525-5

13,50 €




## Gloria A. Calvo, Camila Lynn e Agostina Mileo

# Puberdade en marcha

Unha guía esencial para mozas e mozos que comezan a etapa da puberdade escrita con claridade e rigor por tres profesionais novas comprometidas coa educación sexual integral, cun estilo fresco e amigable para axudarlles a entender o que lles está a pasar. Aborda temas como a menstruación, a masturbación, a reprodución, a toma de decisións, as relacións interpersoais, os ideais de beleza e a seguranza en Internet. As ilustracións de Martina Trach son un exemplo de como a arte pode empregarse para promover a educación e a aceptación. Ao mostrar sen filtro as partes íntimas do corpo e as diversas opcións de produtos de xestión menstrual, desmitifica estes temas e normalízaos. A tradución é de Iago Nicolás.

Kalandraka Rústica 15 × 21 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-1343-304-2

16,15 €




NOVA EDICIÓN REVISADA

## Suso de Toro

# A sombra cazadora

Dous irmáns viven co seu pai nunha casa totalmente arredados do mundo exterior. Fóra hai unha ameaza para todos eles que só o seu pai coñece. Un día o seu encerro vese alterado, e o seu pai advírtelles: "Imaxinade que a vosa sombra se separa de vós e cobra vida propia. Imaxinade que a imaxe do espello ten vida de seu e actúa pola súa conta. Ha chegar un momento en que teñades dificultades". Publicada hai tres décadas, esta novela, agora revisada e ampliada polo seu autor, converteuse nunha das obras máis lidas da literatura xuvenil.

Xerais Rústica
13 × 21 cm 240 páxinas

ISBN: 978-84-1110-503-3

12,95 €




## María Solar

# Adeline

Adeline é unha homenaxe a Carmilla, a primeira vampira literaria, escrita vinte e cinco anos antes de Drácula. Laura vive desde nena agoniada por un estraño don que posúe: ve mortos. Durante anos leva unha vida solitaria no pazo familiar da contorna de Verín. Cando medra, a ansiada vida universitaria en Madrid tampouco é o que esperaba. No regreso estival ao pazo, Laura atopa unha misteriosa viaxeira. A muller é idéntica á que viu en soños moitos anos atrás. Aquela moza está alí para descubrirlle que o Universo é moito máis inmenso do que percibimos e que os seres ocultos están e estiveron sempre entre nós.

Xerais Rústica
13 × 21 cm 288 páxinas

ISBN: 978-84-1110-452-4

12,95 €




## Adrián Gómez Ramos

# Aqueles corpos nosos

Todos os actos teñen consecuencias. Fernán e Xandre Malvís buscan recuperar a normalidade nas súas vidas e sandar as cicatrices inflixidas polo enfrontamento cos irmáns Garrido. A cidade, pola contra, non esquecerá con tanta facilidade o conflito entre as dúas familias, e as fauces de Compostela escolleron unha nova vítima. Os Malvís terán que facer uso de todo o seu coñecemento do mundo sobrenatural para resolver a desaparición de Sandra Valverde antes de que o seu corpo se engada á lista de necrolóxicas.

Xerais Rústica
13 × 21 cm 224 páxinas

ISBN: 978-84-1110-451-7

12,95 €




## Lois Pérez

# A tribo do mar

Alexandra mira o mar de Burela e soña con goles imposibles; cando virá súa nai de Cabo Verde? Namentres, a miles de quilómetros ao outro lado do océano, o señor Abdallahi non sabe de Tihani; onde se metería o rapaz? Terá problemas co vello Mahmoud? Samba estraña moito o seu pai, pois Souleymane marchou hai xa un mes. Libia non era o que pensaba. O Mediterráneo parece agora infranqueábel. No entanto, a influencer Dakota Amazing ultima o seu novo reel. O deserto é supercool! Pero o deserto é unha boca que ten sede nun mundo que ten fame.

Xerais Rústica
13 × 21 cm 224 páxinas

ISBN: 978-84-1110-404-3

12,95 €




## Manel Monteagudo

# Vento frío

Lonxe de acalmar, a borrasca recruaba. Robin creu que chegara a súa hora. Era un home novo e forte, mais levaba andadas doce millas e non comera en todo o día. As forzas comezaban a fraquear. Estivo tentado de alixeirar peso no camiño: a lordenta bulsa en que gardaba as insignificantes lilainas con que comerciaba. Mais abandonar todo o seu patrimonio equivalía a varios días de fame. De improviso, a luz dun raio, seguido dun estrondo valente, alumeou o que semellaba un conxunto de casiñas. Coa incerteza de se se trataba dunha especie de miraxe, agardou a chegada doutro lóstrego. As súas esperanzas confirmáronse.

Medulia Rústica
14 × 21 cm 186 páxinas

ISBN: 978-84-19438-66-9

17 €

# Luísa Villalta: Unha poeta do pensamento



A Real Academia Galega acordou dedicarlle o Día das Letras Galegas de 2024 a Luísa Villalta (A Coruña, 1957-2004) coincidindo co vixésimo aniversario do seu pasamento. Creadora dunha obra singular e sólida que a converteu nunha das grandes figuras da literatura galega que emerxeron na segunda metade dos anos 80 e primeiros 90, Luísa Villalta foi unha intelectual comprometida coa vida. O cruzamento entre a poesía e a música é outro dos trazos definitorios dunha autora recoñecida sobre todo como poeta, pero que tamén cultivou con talento o teatro, a narrativa de ficción, o ensaio, o articulismo e a tradución. A súa obra está marcada polo pensamento apaixonado, a procura do rigor e tamén a exploración estilística, segundo destaca a Academia. Estamos ante unha poesía que lle esixe a cada poema algo máis alá do pensado.




Eva Veiga e Pilar Pallarés

## Así vou eu, formando parte

Durante meses –antes incluso do acordo da RAG– "Pallarés e Veiga adentráronse no seu complexo mundo simbólico para amosalo no seu manto esplendente, por momentos sobrecolledor pero sempre fiel aos principios éticos que defendía", en palabras da editora. O libro inclúe senllos textos das antólogas onde analizan os poemarios de Villalta e despexan nun marco teórico a súa pulsión creadora. Aparecen tamén pezas documentais de Luísa Villalta que axudan a comprender as raíces da súa obra. O título da antoloxía fai referencia a unha das frases da poeta coruñesa.

Chan da Pólvora Rústica
13,2 × 21 cm 226 páxinas

ISBN: 978-84-127711-2-1

17,10 €




Xurxo Souto

## Somos un pobo de artistas

### O método Luísa Villalta

O primeiro monumento da literatura galega son as cantigas medievais. Os *Cantares Gallegos* de Rosalía son o gran referente do Rexurdimento. Cantigas e cantares. Non obstante, a música sempre estivo ausente nas clases de literatura. En 1999 Luísa Villalta publicou *O outro lado da música, a poesía*, libro-referente, onde puxo en valor a mutua atracción que senten entre si ambas as dúas artes. Seguindo o seu método, penetramos na selva vizosa da música galega contemporánea para procurar esa unidade primixenia.

Xerais Rústica
15,5 × 23 cm 256 páxinas

ISBN. 978-84-1110-455-5

17,05 €




Montse Dopico

## Abonda con vivir

### Luísa Villalta

Unha biografía feita con retallos da memoria que gardaron de Luísa Villalta persoas que formaron parte da súa rede afectiva. Unha análise literaria, sociolóxica e histórica que percorre todas as mulleres que foi Villalta. Un diálogo, con forma de reportaxe, coas súas amizades para tentar explicar quen era Luísa e por que escribiu o que escribiu.

Xerais Rústica
13 × 20 cm 192 páxinas

ISBN: 978-84-1110-482-1

12,95 €




Esperanza L. Mariño Davila

## As escumas da letra

### Biobibliografía de Luísa Villalta

A teor do subtítulo, pódese percibir a evolución da escritora, a configuración da personalidade xunto coa forxa do compromiso social e político, nun vencello particular coa lingua e a literatura, mais tamén co ensino público e sempre con Galiza.

Baía Rústica
15 × 22 cm 164 páxinas

ISBN: 978-84-9995-443-1

19 €




Luísa Villalta

## As palabras ingrávidas

Luísa Villalta acariñaba este proxecto cando a morte a sorprendeu, tan só con corenta anos. En coidada edición facsimilar, esta obra recolle poemas autógrafos escritos ata apenas unhas semanas antes do seu pasamento e para os que utilizou como soporte o almanaque poético da editora Assírio & Alvim para o ano 2004.

Xunta Rústica (con estoxo cartonado)
12 × 17 cm

ISBN: 978-84-453-5365-3

24,38 €




Luísa Villalta

## Pensar é escuro

### Poesía reunida (1991-2004)

Esta obra recupera os catro títulos que Luísa Villalta dispuxo en vida para a súa publicación: *Música reservada* (1991), *Ruído* (1995), *Rota ao interior do ollo* (1995) e *En concreto* (2004). Estes versos converteron a autora nunha das voces máis importantes da poesía galega das últimas décadas.

Galaxia Rústica
16 × 22 cm 362 páxinas

ISBN: 978-84-9151-996-6

19,95 €




Luísa Villalta

## O outro lado da música, a poesía

Foi publicado por primeira vez a finais dos anos noventa abeirado polo contexto da escrita poética e ensaística declaradamente musicais da súa autora, e cualificado no seu día como un convite a nos abismar "polos camiños da metáfora e das semifusas", conscientes de que "poucos ensaios hai tan acertados sobre a música e a poesía" (Lino Braxe).

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 192 páxinas

ISBN: 978-84-9151-750-4

20,90 €

Álbum ilustrado




Beatriz Maceda e Eli Ríos

## Luísa Villalta, alma de violino

Luísa Villalta soubo escoitar o silencio e a realidade que lle tocou vivir e plasmalo na súa obra. Esta biografía ilustrada por Laura Suárez conduce ata algunhas das palabras e das músicas que ela ceibou ao vento para recoñecer unha muller tan polifacética como fascinante.

Xerais Cartonado
19,5 × 26,6 cm 48 páxinas

ISBN: 978-84-1110-447-0

15,50€

11↑




María Canosa

## Luísa Villalta, melodía de palabras

Ademais de na literatura, Villalta destacou como violinista: música e literatura conflúen na súa obra e conforman un estilo propio e orixinal. A docencia, entendida como un saber xeral, e a loita pola xustiza e a igualdade, son outros dos grandes intereses da autora.

Xerais Rústica
13,5 × 19 cm 88 páxinas

ISBN: 978-84-1110-442-5

12,95 €

# Olga Novo



Foto: Anxo Cabada




## A teta sobre o sol

"Desde todos os confíns da terra e dos tempos se sabe onde residen a beleza e a verdade, aínda que todo se cale e todo se tema porque a paixón se controla furiosamente baixo o disfrace do decoro, baixo a presión da conveniencia, baixo as sete chaves do inferno da mentira e do desamor. Por iso onde escribamos lugar entenderán patria e onde digamos desexo entenderán provocación: todo se distorsiona nos ollos que miran pero non ven e nas palabras que xulgan pero non crean". Texto da editora.

Xerais — Rústica
14,5 × 22 cm — 56 páxinas

ISBN: 978-84-1110-516-3

12,95 €

# María Xosé Queizán






## Metáfora da metáfora

Unha reflexión sobre a palabra literaria como forma de poder e, en última instancia, sobre o poder da palabra nunha meditación sobre o amor sancionado pola tradición literaria masculina e sobre a necesidade de inventar novos paradigmas.

Xerais — Rústica
14,5 × 22 cm — 112 páxinas

ISBN: 978-84-1110-500-2

12,95 €




### Juanjo Carracedo

## Horas molladas

"*Horas molladas* é, para min, ante todo, un sereno libro de amor. Amor familiar, amor á terra, amor ao Cantábrico, amor polas palabras inaugurais, amor polas palabras gregas, amor pola ollada atrás e amor aos horizontes", di o poeta Manuel Pereira Valcárcel no prólogo desta obra. "A memoria –continúa– vai seleccionando imaxes e palabras, para abrir con elas unha mostra ampla, vigorosa e fonda."

Medulia — Rústica
14 × 21 cm — 62 páxinas

ISBN: 978-84-19438-82-9

14,90 €




### Ana García Rivas

## Parasitando a túa pel

Conxunto de poemas de temática erótica escritos dende a propia pel da autora tentando compartir as súas experiencias vitais e a súa percepción da sexualidade.

Medulia — Rústica
14 × 21 cm — 50 páxinas

ISBN: 978-84-19438-84-3

14,90 €




### Marta Yáñez Sanjurjo

## Propaganda

"...Es la suya poesía dura y no blanda; poesía valerosa, resistente y libre. Consuelo, unas veces, y otras, celebración, nunca se achica y desafía de frente —plata y acero, como una luna— los secretos más remotos de la diaria aventura de vivir. Ya saben, el amor y la rabia; el dolor y el miedo; la alegría y la desolación; la oscuridad y la luz... Ya saben, la savia escurridiza de los días... Su pulso mismo, ya saben". Extracto do prólogo de Ramón Farré.

Medulia — Rústica
14 × 21 cm — 126 páxinas

ISBN: 978-84-19438-85-0

14,90 €




PREMIO DE POESÍA O FACHO 2023

### Simón Rodríguez

## A outra patria

Explora unha identidade en plena mudanza e autodescubrimento desencadeado pola migración de Venezuela a Galicia. O xurado do premio O Facho valorou "a súa transparencia e interese pola comunicación, a temática do retornado con isotopías que desenvolve á maneira de puzzle, non exentas de pinceladas impresionistas con recendos ecolóxicos, baseadas na tradición, nos valores dos antergos e resoltas con fermosas imaxes".

Medulia — Rústica
14 × 21 cm — 62 páxinas

ISBN: 978-84-19438-81-2

11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




XXI PREMIO DE POESÍA AFUNDACIÓN 2023

### Rafa Vilar

## Os lugares da memoria

Conxunto de textos poéticos diversos que se entrelazan ata formaren un todo con certa unidade estilística e de contido. Introduce o libro unha serie de poemas escritos en prosa poética e agrupados baixo o nome que dá título ao conxunto. Os textos falan da perplexidade ante o mundo, das cicatrices do paso do tempo, da procura da xustiza social ou da (in) utilidade da poesía mesma.

PEN Galicia — Cartonado
13 × 21 cm — 74 páxinas

ISBN: 978-84-09-55474-4

17,57 €




## Xosé María Rei Lema e Xosé Manuel Varela Varela (Ed.)

# Antoloxía poética

### Enrique Labarta Pose

Enrique Labarta Pose cultivou todos os xéneros literarios e destacou como xornalista a finais do século XIX nas cidades de Santiago e Pontevedra. Nesta *Antoloxía poética* recóllense corenta poemas en lingua galega publicados tanto en libro como en prensa, dos que moitos acadaron premio en distintos certames literarios da época. Botando man dunha pluralidade de voces poéticas, Enrique Labarta legou un conxunto de textos que son espello dunha temática variada que parte da liña intimista e navega polas procelosas augas do humor satírico e a denuncia de corte social.

Galaxia Rústica 13,5 × 21 cm 224 páxinas

ISBN: 978-84-1176-175-8

18,52 €




## Xoán Carlos Domínguez Alberte

# Faíscas

Volume de xinea popular integrado por miúdas pezas de ourivería poética. Cada unha das composicións que conforman esta obra son á vez fráxiles e intensas. O propósito é transportar o vagar que sucede á fereza da tempestade interior. Logo de que os elementos se conxuraren en contra, despois de que a intensidade da febre do desacougo fose quen de abater o estímulo. O que fica son sensacións complexas nas que se mesturan a arela e o devezo canda o desvelo ou o arreguizo. No medio e medio da natureza máis propia, a vontade plena de ser procura faíscas que emitan unha imprescindíbel luz. Texto poético e imaxe plástica entretecen un xogo de olladas complementarias que proxectan agudas intermitencias de enerxía positiva que resultan de todo necesarias para lles facer fronte a algún dos máis rexos pesadelos da existencia. Ilustracións de Minia Domínguez Diéguez.

Laiovento Rústica 14 × 21 cm 66 páxinas

ISBN: 978-84-8487-659-5

11,95 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




## Ana Ramil

# Aquiles e a bágoa

Versos trenzados nos remuíños da memoria que condenan a fugacidade do tempo e ofrecen o antídoto da palabra, que axuda a embelecer a inevitable certeza da desaparición. Son poemas que atopan, máis alá do ton elexíaco, as arelas da reafirmación na esperanza.

Faktoría K Rústica 14,5 × 21 cm 140 páxinas

ISBN: 978-84-19213-49-5

14 €




## Manuel López Rodríguez

# 831-urb

*831-urb* é un exercicio arquitectónico de ambiente ciberpunk onde o ser humano cre recoñecerse. Este libro de poesía foi gañador do XXVI Premio Johan Carballeira.

Xerais Rústica
14,5 × 22 cm 72 páxinas

ISBN: 978-84-1110-485-2

12,95 €




## César Cunqueiro

# Poemas

Neste volume recóllese a obra completa dun dos poetas máis destacados do panorama literario. Poemas que combinan maxistralmente a composición clásica cunha inmersión no onírico que dota ó autor dun estilo recoñecible e único. A mitoloxía e a busca gozosa son tamén sinais distintivos.

Medulia Rústica
15 × 23 cm 282 páxinas

ISBN: 978-84-19438-70-6

18,90 €




## Antonio Vázquez Tierra

# A desolación queima

Con esa cadencia que xa é un elemento identificador da obra poética de Vázquez Tierra, ve a luz esta nova achega do autor lugués. Versos cun peso esmagador, con esa desesperanza que a veces chega a ser tenrura. Poemas que buscan refuxio na cotiandade e que foxen dos artificios.

Medulia Rústica
14 × 21 cm 88 páxinas

ISBN: 978-84-19438-69-0

14,90 €




## Xabier Paz

# Antroposofía xeral

Xabier Paz ofrece nestes poemas ensaísticos unha reflexión que quere ser unha chamada da condición animal vestida de cultura, traxe imposto, e do logos, contraditoria ferramenta que, de tan humana, arreda da vida. Un chamado trashistórico para reivindicar o que de común hai nos humanos: pulsións, instintos.

Medulia Rústica
14 × 21 cm 80 páxinas

ISBN: 978-84-19438-75-1

14,90 €




## Claudio Rodríguez Fer

# Lugo Blues

Nova e coidada edición na que o poeta Claudio Rodríguez Fer regresa ao seu poemario de culto que en 1987 sorprendía pola calidade e a aposta temática pola memoria, tanto a persoal como a histórica, desta cidade. Case corenta anos despois da editada polo Concello de Lugo, Rodríguez Fer revisa e amplía con numerosos poemas esta outra edición, que incorpora o suxestivo traballo artístico de Sara Lamas.

Alvarellos Rústica
14 × 21 cm 86 páxinas

ISBN: 978-84-18567-54-4

15,20 €




## Antón Baamonde

# Galicia, distrito industrial

### Conversas con Daniel Hermosilla

Europa asiste ao retorno da política industrial. É unha ventá de oportunidades e cabe tomar decisións estratéxicas. Contra a imaxe estereotipada, Daniel Hermosilla, director executivo de Rodiñas, insiste nestas conversas en que "aquí hai unha biodiversidade de industrias moi interesante. Capitalizadas, con maquinaria de última tecnoloxía, e que saben contratar persoas de talento. Empresas que souberon cambiar a mentalidade e entender que o mercado é o mundo enteiro. Se isto o sabemos aproveitar e artellar, pode ser un dos grandes activos de Galicia".

Galaxia Rústica 15 × 23 cm 123 páxinas

ISBN: 978-84-1176-186-4

20,90 €




## Rodri Suárez

# Galicia reducida

### Crítica ao marco conservador e centralista do autogoberno galego

A autonomía galega é case un monocultivo da dereita. Porén, noutras eleccións, como as locais ou estatais, é habitual que sexan as esquerdas as que obteñen a maioría de votos. Trátase dun fenómeno que ata o de agora sempre se analizou mediante conceptos vitimistas como "rede clientelar" ou "dominio mediático", pero non tanto desde o marco político-cultural que sostén o autogoberno dende a súa creación. Para o autor, que é xornalista e asesor político, é o momento de mirarse o embigo e recoñecer que a autonomía galega se construíu cun imaxinario conservador, que segue vixente e en demasiadas ocasións coa axuda da propia esquerda. Este ensaio xornalístico invita a poñer o foco nas cidades motores do país: Vigo e A Coruña, e aposta por un galeguismo progresista do século XXI.

Morgante Rústica 13,5 × 21,5 cm 192 páxinas

ISBN: 978-84-19040-15-2

16,15 €




## Carlos Taibo

# O nosso Porto

### Um olhar a partir da Galiza

Este é um ensaio pessoal sobre o Porto em que se revelam algumas das querenças, se calhar também as obsessões, do autor. Nas suas páginas revelam-se o desenvolvimento urbano da cidade, as suas divisões internas, o património religioso e civil, o peso do rio e do mar, as contestações que nasceram em ruas e cafés, a inquietante turistificação destas horas, o mundo dos escritores e das livrarias, ou a relação da Galiza com um espaço que é, por muitos motivos, galego. Não está o leitor, ou a leitora, ante um guia da cidade: está ante um exercício de amor que não esconde as cautelas. Com imagens de Carlos Mendes Pereira.

Através Cartonado 17 × 24 cm 132 páxinas

ISBN: 978-84-16545-89-6

16,15 €




## Antón Seoane-Pampín Montenegro

# Avelino Cabezas e os seus irmáns

Recolle a evolución dunha saga, dende finais do século XIX, ata os lindeiros da Segunda Guerra Mundial. Unha historia entrefebrada de esforzo, sufrimento e éxito comercial, honesto e solidario, recoñecido polo mundo empresarial porteño. A de cinco irmáns, catro cativos e unha rapaza, nados en Narón, entre 1870 e 1878. Quen os guiou foi o maior, Avelino, nado en 1870, que marchou con 13 anos ao Uruguai, para, ao pouco, establecerse na emerxente Bos Aires.

Galaxia Rústica
13 × 21 cm 322 páxinas

ISBN: 978-84-1176-164-2

23,75 €




## Xosé Díaz Díaz

# Autogoberno e sistemas de financiamento

### O papel da Nación Galega

O texto presenta as cuestións esenciais que suscitan os sistemas de financiamento no Estado español, centrándose especialmente nas deficiencias, que desde un punto de vista nacionalista galego, caracterizan ao chamado sistema de réxime común, que afecta a 15 das Autonomías, agás as forais. Así mesmo intenta demostrar que só un sistema baseado na plena liberdade fiscal para as Nacións sen Estado pode solucionar o problema nacional realmente existente.

Laiovento Rústica
22 × 31 cm 236 páxinas

ISBN: 978-84-8487-655-7

23,70 €




## Manuel Cabada Castro

# Recompondo un país magoado

Esta obra contén relatos, propostas, reflexións e denuncias sobre a reivindicación de Galicia, da súa dignidade, da súa historia esvaecida, da súa propia lingua e liberdade. Recolle escritos xa publicados en diversos tempos e medios de difusión, reunidos agora segundo a orde cronolóxica en que se recolleron. Diversos estilos acceden a contidos temáticos con núcleo interno que os une. Unha introdución á complexidade da Galiza e a súa identidade.

Laiovento Rústica
14 × 21 cm 228 páxinas

ISBN: 978-84-8487-631-1

18 €




## Henrique del Bosque Zapata

# Desobediencia civil

### Unha estratexia para a resistencia e a dignidade

O autor analiza as promesas incumpridas da modernidade e as súas consecuencias para a democracia, a cidadanía e os dereitos sociais. Tamén reflexiona sobre a desobediencia civil como unha forma de resistencia e transformación social. Un ensaio crítico e provocador que interpela sobre o papel da cidadanía nun mundo en crise.

Laiovento Rústica
14 × 21 cm 128 páxinas

ISBN: 978-84-8487-653-3

13,95 €




Serxio María Rodríguez Álvarez

## O pensamento político de Ramón Piñeiro

Ramón Piñeiro foi un protagonista indiscutible da "batalla cultural" pola definición do paradigma nacional que transcendeu os lindeiros dunha personalidade histórica para facer, a partir do seu apelido, a catalogación dunha cultura política: o "piñeirismo". *O pensamento político de Ramón Piñeiro* vén ser unha contribución á agra do pensamento político en Galicia.

Galaxia Rústica 15 × 23 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-1176-184-0

15,58 €




María Reimóndez

## A casa do amo

### Unha análise do discurso colonial e racista na literatura galega

A finais dos anos setenta, a escritora feminista negra lesbiana estadounidense Audre Lorde resumía a súa crítica ao feminismo branco coa famosa frase: "As ferramentas do amo nunca desmantelarán a casa do amo". María Reimóndez pensa que é tempo de analizar "a nosa casa" coma a casa do amo e revisar as complicidades coloniais. Este volume "ofrece unha panorámica sobre as teorías decoloniais e antirracistas que se usan aquí para deitar unha ollada crítica a diversos textos que, lonxe de pretender constituírse en catálogo, buscan interpelarnos para transformar os alicerces da casa de xeito que absolutamente todas as persoas teñamos acubillo nela", segundo explica a editora.

Xerais Rústica 15,5 × 23 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-1110-472-2

18 €




Ben-Cho-Shey

## Diario de Lugo

### 1936

O golpe de estado do 1936 colle a Ben-Cho-Shey (Xosé Ramón e Fernández-Oxea) en Lugo onde traballaba de inspector de primeira ensinanza e era o responsable do Partido Galeguista. Ben-Cho-Shey comeza a redactar a súa crónica o mesmo 18 de xullo; o 21 de agosto deixa de escribir no diario. Fará dous breves apuntamentos a xeito de síntese e epílogo. O primeiro, a finais do ano 1936 (non está datado, pero foi posterior ao 12 de novembro do 1936, data do fusilamento de Víctor Casas Rey, Amancio Caamaño Cimadevila e Paulo Novás Souto) e o segundo dátase no 29 de xaneiro de 1937. Estas dúas anotacións suceden xusto antes e despois do seu proceso de depuración, resolto coa suspensión de emprego e soldo e o desterro a Estremadura. A coordinación e notas correron a cargo de Xoán Ramiro Cuba Rodríguez, Xosé Brais García Fernández e Iria Varela Fernández.

Dep. Lugo Rústica 17 × 24 cm 126 páxinas

ISBN: 978-84-8192-596-8

15,20 €




Lupe Martínez

## Guerrilleir@s antifranquistas da provincia da Coruña

Biografías individualizadas e un amplo contexto onde situar o fenómeno das guerrillas na provincia da Coruña, a máis activa e combativa, aínda que en todo o país tivo un papel importante tras o final da Guerra Civil e a posterior ditadura. Homes e mulleres senlleiros, como Benigno Andrade García (Foucellas), Manuel Ponte Pedreira, Adolfo Allegue Allegue Riqueche e Marcelino Rodríguez Fernández Marrofer, comparten protagonismo con outros e outras menos coñecidos.

Galaxia Rústica
13 × 21 cm 568 páxinas

ISBN: 978-84-1176-172-7

26,98 €




Emilio Grandío Seoane (Coord.)

## Pasado arrincado

### Lugares de memoria democrática en Galicia

O proxecto ten a vontade de mellorar o enfoque interpretativo nesta temática, ampliando o recordo tanto sobre o que lembra a violencia represiva como sobre o que serve para sementar a conciencia de construción dun futuro en colectivo; dos traballos, do compromiso de moita xente que fica invisible. Un coñecemento colectivo que redundará na calidade colectiva como sociedade democrática.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 478 páxinas

ISBN: 978-84-1176-190-1

28,26 €




Fernando González Laxe

## Nuevos tiempos modernos

### Ideas para una sociedad post-industrial

Céntrase no período que abarca desde a Gran Recesión do 2008. Efectúa unha revisión ambiciosa dos fundamentos dos cambios sociais para deixar ao descuberto as debilidades do sistema. Un libro optimista que incentiva a necesidade dun compromiso acerca do que é posible facer aínda que expón o interrogante de se seremos quen de facelo. En castelán.

Hércules Rústica
16,5 × 24 cm 304 páxinas

ISBN: 978-84-19754-33-2

19 €




Fernando Pereira Bueno

## A viaxe de meu pai

### Notas e cartas desde a fronte de guerra (1937-1939)

Recolle as experiencias e sensacións que deixou escritas o artilleiro Ceferino Pereira de la Fuente nos seus diarios de campaña e nas cartas enviadas á familia durante a Guerra Civil española, desde mediados do mes de abril de 1937 até xullo de 1939. Existen poucos diarios coma este que documenten a Guerra Civil desde a perspectiva dun soldado na fronte durante un período de tempo tan longo e de xeito tan ininterrompido.

Xerais Rústica
14,5 × 22 cm 512 páxinas

ISBN: 978-84-1110-501-9

21,80 €




## Nicole Cadène
# Diario dunha sufraxista

A historiadora Nicole Cadène recuperou o fragmentario diario e uns folios soltos que permiten coñecer moito mellor como era e como pensaba Hubertine Auclert, unha muller esencial para o feminismo, a primeira en usar o termo e unha das súas pioneiras e máis firmes defensoras. Se as páxinas do diario ancoran as súas vivencias entre xuño de 1883 e o 29 de marzo de 1886, as que respiran nos folios soltos esténdense entre o 18 de setembro de 1888 e o 29 de outubro de 1889. Esta edición inclúe a tradución de algunhas das destacadas colaboracións de Auclert na prensa (*La Citoyenne*; *La Libre Parole*; *Le Radical*) e un dos seus discursos máis potentes, o que fixo no III Congreso Obreiro Socialista de Marsella de 1879. Introdución, tradución e notas de Xabier Ron Fernández.

Laiovento Rústica
14 × 21cm 90 páxinas

ISBN: 978-84-8487-657-1

12,95 €




## Carlos L. Bernárdez e Xosé Ramón Mariño Ferro
# Bestiario en pedra
### Animais fabulosos na arte medieval galega

Obra que busca recuperar unha parte *menos visible* do patrimonio artístico e simbólico. A arte medieval está repleta de representacións de animais, nas marxes dos manuscritos, na escultura decorativa, nos capiteis, nas cornixas e gárgolas e nos cadeirados de coro. Os temas e motivos simbólicos dos animais fabulosos, con paralelos en Europa, presentan en Galicia unha riqueza e unha variedade realmente extraordinarias (as catedrais de Santiago e Ourense, a igrexa e o espectacular claustro de San Francisco de Ourense, as igrexas betanceiras, as de Ribadavia, Santiago de Breixa...)

Laiovento Rústica
17 × 24 cm 276 páxinas

ISBN: 978-84-8487-661-8

28,45 €




## Michèle Petit
# Os libros e a beleza
### Somos animais poéticos

Reúne cinco ensaios da antropóloga francesa escritos orixinalmente como conferencias, tomando como punto de partida dúas teses: a beleza como necesidade universal para o ser humano e a condición da persoa como ser poéticos a quen o meramente útil lle resulta insuficiente. Un libro que defende o poder da beleza para transformar as peores experiencias en tempos tráxicos; que denuncia as dificultades da transmisión cultural, sobre todo, no exilio e a súa consecuente "desintonización" social; que a necesidade de habitar espazos soñados e imaxinados; que fala sobre como redescubrir os soños a través da literatura, sobre esas casas de pensamento que son as bibliotecas. En tradución de Isabel Soto e con prólogo de Daniel Goldin.

Kalandraka Rústica
15 × 21,5 cm 216 páxinas

ISBN: 978-84-1343-255-7

15,20 €




# Dicionário Visual Através

